

### **Mayra García insta á Conselleira de Sanidade a “por enriba da mesa con luz e taquígrafos” os datos das listaxes de espera do Hospital**

Para a socialista trátase dunha cuestión necesaria, logo das declaracións realizadas pola plataforma sanitaria da Mariña, pois, “detrás de todo isto, están as persoas”, destaca

Matiza que “este vaivén nos datos, que tan só serve para crear máis incertidume entre a cidadanía”, é unha das consecuencias da xestión integrada impulsada pola Xunta; un sistema ao que os socialistas dos concellos da comarca se opuxeron en bloque e que “foi a vía definitiva para que o noso Hospital perdesse a súa autonomía”

**A MARIÑA, 28 DE XANEIRO DE 2015.-** Ante as declaracións da plataforma sanitaria da Mariña nas que aseguran que os datos da listaxe de espera do Hospital da Costa son “irreais”, os socialistas desta comarca instan á Conselleira de Sanidade a “por enriba da mesa, e con luz e taquígrafos”, esta información, porque, din, “detrás de todo isto están as persoas”. Neste senso, a coordinadora comarcal –Mayra García- non dubida en manifestar “a súa indignación”, asegurando que “xa está ben de xogar coa saúde dos veciños. A responsable do SERGAS ten que dar a cara pero, sobre todo, ten que dicir a verdade. Os mariñanos non nos merecemos que continúen con esta falsidade”, subliña.

#### **Consecuencia da xestión integrada**

Neste senso, a socialista matiza que “este vaivén nos datos, que tan só serve para crear máis incertidume entre a cidadanía” é unha das consecuencias da xestión integrada impulsada pola Xunta de Galicia. “Agora o estamos vendo. Estamos vendo como pasamos de ter un Hospital de calidade e referente a ter un ambulatorio, e estamos vendo como a Xunta de Galicia fixo caso omiso das denuncias que fixeron hai meses os propios facultativos”. Deste xeito, García refírese á afrenta manifestada hai un ano polo 88% destes profesionais. En febreiro de 2014, os sanitarios xa denunciaran que o centro perdera servizos asistenciais, emprego e capacidade resolutiva.

“Todos estes datos, destaca, son a proba de que o Decreto de Xestión Integrada non só eliminou a autonomía de xestión sanitaria, senón que provocou a destrución do Hospital; algo do que é responsable a Xunta, co silencio dos deputados e alcaldes do PP”, tal e como se demostrou, di, nos concellos onde os socialistas presentaron mocións para recabar apoio dos populares, e nos que estes se opuxeron a esixir ao Goberno galego que dese marcha atrás na implantación do novo modelo sanitario.

Ademais, subliña, “a gripe puxo de manifesto que a xestión é un desastre, froito de sucesivos recortes, copagos e privatizacións, un caos que só superamos grazas ao esforzo dos traballadores”, afirma García, quen lamenta que o Partido Popular leva “seis anos desmantelando e utilizando en beneficio propio o sistema sanitario público de Galicia”.